


A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA



E ESPAÑA POLÍTICA



A nosa comunidade autónoma

Vivides no municipio de Bueu. Pero tamén formades parte dun territorio máis amplo. Coñecedes a bonecas MatriosKa? Son esas bonequiñas que dentro dunha grande, hai unha pequena, dentro desta outra máis pequena, ata chegar á máis pequeniña.



Pois nós imos empezar polo revés, empezamos encaixando a peza pequena, na seguinte máis grande, ata chegar a grande de todo.

Como xa vimos no tema anterior, vivimos na parroquia de **Cela**.



Que está no municipio de **Bueu**.



Agora imos aprender que:

O municipio de **Bueu** pertence á **provincia de Pontevedra**.



A provincia de Pontevedra se atopa na **Comunidade Autónoma de Galicia**



E por último Galicia está en **España**.



Que é unha comunidade autónoma?



É unha división de territorio formado por varias provincias. A comunidade autónoma de Galicia está formada por catro provincias: **Pontevedra, A Coruña, Lugo e Ourense.**

Cada comunidade autónoma ten o seu propio goberno, os seus presupostos (cantidade de cartos que poden invertir en organizar a comunidade), ademais poden dictar leis e facelas cumprir.

O **goberno autonómico** debate as leis no **Parlamento**. Na nosa comunidade o **Parlamento** atópase en **Santiago de Compostela**.

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela é a **capital** de Galicia é onde se atopa o Parlamento galego e o goberno autonómico.

É coñecida a nivel mundial por ser a **meta** final da Peregrinación do **Camiño de Santiago**.

A cidade é **Patrimonio da Humanidade** dende 1985.

Coñecida pola súa **catedral**, onde se di que repousan os restos do Apóstolo Santiago, situada na praza do Obradoiro. Ao seu carón atopamos o **Hostal dos Reis Católicos**.

Destaca por ser a cidade con unha das **Universidades** máis antigas do mundo (1495) e ademais por atoparse o **Panteón de Galegos Ilustres**, situado na igrexa de Bonaval, onde están soterrados: Rosalía de Castro e Castelao entre outros.



O parlamento de Galicia



É o **máximo órgano** de representación do pobo galego. É a institución máis importante da que derivan as outras todas. Empezou a funcionar no ano **1981** (primeiras eleccións autonómicas).



No parlamento nos representan **75 deputados/as**, elexidos polos cidadáns cada **4 anos**.

Os 75 deputados/as, escollen entre eles a persoa que presidirá a **Xunta de Galicia**, o **máximo órgano de goberno** de Galicia.

A Xunta aparece definida no Estatuto de Autonomía, “como órgano colexiado do Goberno de Galicia”, é dicir está formado por 3 ou máis persoas que toman decisións, aconsellan na función pública. Na actualidade, a **Xunta** está composta polo **presidente e once conselleiros/as**.



O **Estatuto de Autonomía** é a **norma básica de funcionamento** da Comunidade Autónoma. O actual Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado o 21 de decembro de 1980 e entrou en vigor o **18 de maio de 1981**.

No seu contido recóllense, entre outras cousas:

- a definición do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 2),
- os símbolos propios de Galicia: bandeira, escudo e himno (art. 6)
- o recoñecemento do galego como lingua propia de Galicia e a cooficialidade co castelán (art. 5).

España está formada por **17 comunidades autónomas** e **2 ciudades autónomas**.



En total en toda **España** hai **50 provincias**

